



Resolución do 4 de setembro de 2026 pola que se corríxen os erros detectados na Resolución do 31 de agosto de 2026 pola que se convocou o proceso selectivo mediante concurso de méritos para a ampliación das listaxes de agarda para a cobertura temporal de postos en diferentes escalas da Universidade da Coruña (UDC).

De acordo co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, *“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

Para evitar confusións ás persoas aspirantes, esta Xerencia acorda corrixir o erro detectado na convocatoria do 31 de agosto, no relativo á base 2.6 **Coñecemento de galego**. Polo exposto, na RESOLUCIÓN do 31 de agosto de 2026 citada,

Onde di:

2.6- Coñecemento de galego: Acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente.

Debe dicir:

2.6- Coñecemento de galego: Acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente. Certificado Celga 3 ou equivalente para o acceso ao subgrupo C2.

Esta corrección de erros non implicará a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 4 de setembro de 2026

P.D. Reitor (RR 28/08/2026)

A xerenta

María Hernández García